

## TEMA 8: O TEATRO GALEGO ENTRE 1936 E 1976.

### 1. INTRODUCCIÓN.

O resultado da Guerra Civil orixinou un prolongado silencio editorial e literario en Galiza que comezou a superarse a comezos dos anos 50. Esta penuria editorial acompañouse, porén, coa existencia de espectáculos teatrais en galego da man dos Coros Populares ("Frores e Silveiras", "Cantigas e Aturuxos", "Cantigas da Terra"...). Estas entidades, toleradas ou tutelada» agora polo franquismo, representaron de cando en vez algunhas pezas costumistas, saínetes humorísticos, cadros líricos e estampas folclóricas, que resultaban politicamente inofensivas. Mesmo así, exercíase a censura sobre as situacións, os contidos e os diálogos que puidesen resultar máis comprometedores.

A posta en marcha da Editorial Galaxia, coa súa revista *Grial* e coa colección "Illa Nova", significará un pulo decisivo no proceso de recuperación do teatro galego.

### 1. AUTORES DE ENLACE.

A recuperación teatral deste período foi iniciada por un conxunto heteroxéneo de autores, denominado o **grupo de enlace**, que serven de conexión entre a dramaturxia de preguerra e a renovación do teatro independente. Un deles, **Ramón Otero Pedrayo**, xa escribira importantes obras antes da Guerra Civil (A lagarada e Teatro de máscaras). Nesta época publica **O desengano do prioiro**, unha obra na que contrapón a Vida, simbolizada polas forzas dionisiacas e a Morte, representada pola industria dos féretros que estaba a establecerse no Ribeiro.

Outro autor importante é **Eduardo Blanco Amor**, cuxa obra dramática pode dividirse en farsas, pezas imaxinativas, cheas de elementos fantásticos e satíricos e autos, pezas de realismo costumista que recrean situacións do mundo rural galego. As súas pezas aparecen recollidas en dous volumes de gran popularidade, **Farsas para títeres e Teatro pra a xente**.

**Álvaro Cunqueiro** é autor de **O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca**, unha das obras máis importantes e máis representadas do teatro galego, onde realiza unha orixinal versión do drama shakespeareano na que o rei usurpador resulta ser o verdadeiro pai do príncipe. Nesta profunda reflexión sobre a natureza humana están tamén presentes o humor e a ironía.

### 2. O TEATRO GALEGO DOS 50.

A Xeración dos 50 está constituída por un conxunto de escritores (fundamentalmente poetas) nados arredor de 1930, que irrompen na década dos 50 á sombra do grupo Galaxia cunha decidida vocación renovadora. Nela destacan **Daniel Cortezón**, **Manuel María**, **Xohana Torres** e **Bernardino Graña**.

A obra dramática de **Daniel Cortezón (Prisciliano, Xelmírez ou a gloria de Compostela)** é unha revisión de importantes episodios e personaxes da historia de Galicia: Prisciliano, Xelmírez,

Pedro Madruga, os irmandiños, Castelao...

Manuel María (**Auto do labrego, Farsa de Bululú**) é autor dunha copiosa obra teatral, composta por poemas dramatizados, textos infantís, autos, farsas e dramas épicos. Como na súa importante obra poética, emprega o teatro como instrumento reivindicativo e de concienciación nacional.

**Xohana Torres** aborda n' **Un hotel de primeira sobre o río** a temática de denuncia social: a expropiación das terras con fins especulativos. Esta peza, cun importante protagonismo feminino, é unha boa mostra do teatro realista.

As obras de **Bernardino Graña** (**20 mil pesos crime, Os burros que comen ouro nunca cabalos serán**) comparten unha visión crítica sobre o poder do diñeiro e sobre a vida alienada do ser humano no mundo moderno. Graña constrúe un teatro popular, dándolle grande importancia aos elementos escénicos.

### **3. O TEATRO INDEPENDENTE E A MOSTRA DE RIBADAVIA.**

A mediados dos anos 60, aparecen os primeiros grupos de teatro independente galego (O Facho, Teatro Circo, Keyzán...). Na década seguinte, o teatro independente espállase por toda Galiza, converténdose nun fenómeno de extraordinaria vitalidade. Nacen numerosas e importantes compañías: Antroido, Artello, Troula... Superando numerosos atrancos económicos e institucionais, desempeñan, alén da divulgación cultural, unha función política, de loita contra a ditadura.

Os seus obxectivos son rescatar o teatro das salas convencionais para achegalo ao público en todo tipo de locais, tanto urbanos como rurais; romper co concepto de compañía estable do teatro burgués e apostar pola itinerancia e a creación colectiva; pescudar novos métodos para a creación e a representación, sempre cun afán experimental, aberto a todo tipo de influencias; e crear unha rede teatral no país que permitise o desenvolvemento dunha dramaturxia galega moderna e comprometida.

En 1973, a Agrupación Cultural Abrente de Ribadavia convoca a **I Mostra de Teatro Galego e o I Certame Abrente de textos dramáticos**. Con esta iniciativa, Ribadavia convértese no principal punto de encontro do mundo do teatro galego. Ao tempo que se fomentan e popularizan as representacións teatrais, estímúlase, co premio Abrente, a creación de textos de teatro. O exemplo de Ribadavia foi seguido, aínda que con menor transcendencia, por outras localidades (Vigo, A Coruña, Lugo, Cariño, Fene...). Arredor da Mostra de Ribadavia creouse o denominado **Grupo de Ribadavia ou Grupo Abrente**, formado por autores que tiveron unha destacada participación nel e que gañaron o premio Abrente. Ademais de escritores, son tamén directores, promotores de compañías e algúns deles mesmo actores. Os principais representantes deste grupo son **Manuel Lourenzo, Euloxio R. Ruibal, Roberto Vidal Bolaño e Francisco Taxes**.

#### 4. PRINCIPAIS AUTORES DO GRUPO ABRENTE.

Estes dramaturgos, que foron e son ao mesmo tempo escritores, actores, directores e promotores de compañías, lograron renovar e consolidar o teatro galego nos anos 70 e comezos dos 80. Entre as empresas que realizaron destacan a de impulsar a profesionalización do sector e serviron de guías ás xeracións posteriores; crear un teatro actual e de calidade, comprometido coa realidade social e política do país; explorar novas fórmulas estéticas; incorporar ao teatro galego todos os logros da dramaturxia europea contemporánea e revisitaron os clásicos e conseguir a normalización lingüística no ámbito teatral.

##### **Manuel Lourenzo** (1943).

Autor, actor, director, fundador das principais compañías coruñesas, director de escolas de formación teatral coma Casa Hamlet, Premio Nacional de teatro..., ten unha amplísima e variada obra con diversos ciclos temáticos:

- recreación de mitos clásicos ou da materia de Bretaña: **Todos os fillos de Galaz, Electra.**

- recreación de mitos históricos galegos: **Xoana, Erros e ferros de Pedro Madruga.**

- ciclo da dramática urxente ou “teatro do inmediato” composto por algunhas obras de teatro experimental e outras de crítica social situadas no momento presente: **Magnetismo, A estratexia do narco.**

##### **Euloxio R. Ruibal** (Ordes, 1945)..

Foi o gañador do primeiro concurso de Ribadavia coa obra **Zardigot**, tanto esta primeira obra coma **O Cabodano** son parábolas contra a violencia e a opresión en forma de teatro experimental. As obras posteriores son satíricas: **Azos de esguello** e **Unha macana de dote**.

##### **Roberto Vidal Bolaño** (Compostela, 1950-2002).

Ademais de autor, foi tamén actor e director das súas propias compañías. Ofrécenos obras moi variadas e innovadoras, combinando elementos populares con outros vangardistas e cinematográficos. Nas primeiras obras, coma **Laudamuco, señor de ningures**, utiliza elementos parateatrais da tradición popular (entroido). Noutras realiza unha crítica desmitificadora dos nosos mitos, como da tumba do Apóstolo ou de Rosalía, por exemplo **en Agasallo de sombras**; As últimas son unha aceda crítica da sociedade actual: **Saxo Tenor** ou **A ópera do patacón**.

Outros autores son: **Francisco Taxes Prego** (1941-2003) con **O velorio** e **Xosé Agrelo Hermo** (Noia, 1937) con **Noite de lobos**.